

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 16 de maio de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións para o fomento de infraestruturas turísticas no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.*

O medio rural galego caracterízase por paisaxes de grande beleza tanto na costa como no interior, que en función da súa diversa localización son axeitados para a práctica de diferentes actividades lúdicas, así como, para o desfrute da natureza en toda a súa magnitude. Non obstante, a dificultade de manter servizos eficientes provoca un continuo éxodo da poboación que leva consigo o abandono de vellas casas e construcións perfectamente integradas no medio e na paisaxe.

Para dinamizar as distintas comunidades rurais e revitalizar o turismo neste medio é preciso fomentar alternativas de investimento que determinen a creación de novos postos de traballo así como un incremento das rendas familiares. Isto redundará na elevación da calidade de vida das ditas comunidades, propiciando, así mesmo, a permanencia dos moradores con novas oportunidades de desenvolvemento.

Cara a unha descentralización e desestacionalización do turismo, proponse o o acondicionamento de cons-

trucións para dedicalas a aldeas de turismo rural a través de proxectos que profunden no coñecemento da historia e do lugar.

Estes establecementos debidamente integrados no medio e respectuosos coas estruturas das edificacións garantirán a autenticidade e a calidade nas actuacións, e procurarán un equilibrio entre o inmovible, o lugar e o seu novo uso, fuxindo do mesmo xeito tanto do folclorismo como do intervencionismo.

En consecuencia e con cargo aos créditos da Consellería de Innovación e Industria asignados para esta finalidade, así como os límites de intensidade establecidos no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o establecido sobre medidas de fomento nos artigos 73 e 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, así como o determinado no Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural e de acordo co estipulado no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, convócanse axudas destinadas a fomentar o turismo no medio rural que pola súa conceptualización como actividade turística se considera incentivable ao abeiro do antedito Decreto 172/2001, polo que,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Poderán ser obxecto de subvención, de acordo co establecido nesta orde, os investimentos relativos á:

1. Rehabilitación ou restauración de construcións que permitan a creación dunha aldea de turismo rural, sempre que polas súas características permitan a oferta de aloxamento, restauración e outros servizos complementarios e estean encadradas nas modalidades de aloxamento compartido ou aloxamento non compartido do grupo D, seguindo o sinalado nos artigos 2 e 4 do Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural.

Para os efectos do disposto neste artigo enténdese por aldea de turismo rural o conxunto de, como mínimo, 3 casas situadas no mesmo núcleo rural, que sexan explotadas de forma integrada e pertencan ao mesmo titular.

O conxunto das vivendas da aldea de turismo rural gardará entre si unha distancia máxima de 500 m.

2. Rehabilitación ou restauración de construcións que permitan a creación dunha aldea termal tendo esta consideración a aldea de turismo rural que proxecte a captación de auga mineiro-medicinal ou auga do mar, co fin de dispor dunha oferta complementaria de actividades de balneario ou talasoterapia.

3. Rehabilitación ou restauración de construcións vencelladas a un proxecto de aldea rural xa existente que aínda non estean en funcionamento co obxecto de complementar este, cando considerada a actuación no seu conxunto poida encadrarse na modalidade sinalada nos artigos 2 e 4 do Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural.

### Artigo 2º.-Determinacións orzamentarias.

As ditas subvencións, que se rexen polos principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, imputáranse á aplicación orzamentaria 10.06.651A.770.0, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, destínase un crédito por importe de 1.000.000 de euros, distribuídos en 3 anualidades, a saber, no ano 2006: 400.000 €; no 2007: 300.000 €; no 2008: 300.000 €. Haberá que aterse ao disposto nos artigos 16.2º e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do pagamento correspondente ás anualidades dos exercicios do 2006, 2007 e do 2008 sendo nestas axudas posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen a porcentaxe máxima do investimento subvencionable segundo o legalmente establecido.

Así mesmo establécese a incompatibilidade total destas subvencións con outras axudas cofinanciadas con Fondos da Unión Europea.

Os proxectos que se recollen nesta orde como accións subvencionables, poderán acadar un máximo de axuda de ata 30% do orzamento do investimento subvencionable.

Considerarase investimento subvencionable tanto o equipamento das edificacións como a execución material de obra, a redacción dos proxectos e a dirección de obra.

Non son subvencionables as taxas e impostos legalmente exixibles.

Para o cálculo do investimento subvencionable, o orzamento de execución material non será superior a 500 euros/m<sup>2</sup> sobre a superficie útil. A urbanización deberá de orzarse á parte e mediante relación valorada.

Engadiranse seis mil cen (6.100) euros por cada posto de traballo que se vai crear indefinido que supere a porcentaxe mínima de contratación estable que, para ser beneficiario de subvención, se exige nesta orde.

O importe total da subvención será distribuído en tres anualidades en relación coa execución do investimento subvencionado.

No caso de que excepcionalmete os proxectos presentados ao concurso de subvención obxecto desta orde fosen de grande interese desde o punto de vista turístico e se considerase preciso ampliar o importe do crédito determinado neste artigo, a Dirección Xeral de Turismo fará a correspondente proposta nos termos establecidos na normativa orzamentaria.

### Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios de subvencións para a creación de aldeas de turismo rural ou aldeas termais os titulares das construcións nas que se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención, segundo o sinalado no artigo 1º desta orde.

Os titulares dos establecementos de turismo rural que se subvencionen terán que ser propietarios dos inmobles obxecto da actuación ou ben, por calquera título válido en dereito, ter unha disposición sobre eles que permita realizar o investimento proxectado.

O dito título de disposición terá que ser outorgado en escritura pública. En calquera caso o beneficiario da subvención terá o pleno uso e desfrute dos inmobles.

Ademais do establecido no antedito Decreto 191/2004, do 29 de xullo, os investimentos que se subvencionen deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Os proxectos serán de rehabilitación ou restauración, non de construción ex novo, mantendo e recuperando a memoria histórica dos inmobles e o seu contorno.

\* Deberán ser respectuosos coa estrutura das edificacións nas súas relacións co lugar, así mesmo, respectarase na medida que sexa posible os seus usos tradicionais.

\* Manteranse volumes e formas preexistentes e propórtese materiais e acabamentos propios da zona e das condicións dos inmobles.

\* Recuperaranse as estruturas tradicionais cos requirimentos técnicos exixibles.

\* Terase especial coidado na resolución da cuberta, lucernarios e elementos auxiliares, así como o tratamento de fachadas.

\* O proxecto deberá formular solucións de abastecemento de auga e evacuación de residuos.

b) Os proxectos serán globais, é dicir, comprenderán todas as obras e instalacións, no só as pertencentes ás propias edificacións senón tamén, se é o caso, ás do contorno afecto á propiedade do predio, debéndose respectar as características peculiares do medio rural galego.

c) Cando se procure unha solución innovadora referida a materiais e acabamentos, neste senso, haberá que aterse ao establecido no artigo 10.1º, Decreto 191/2004, de establecementos de turismo rural.

d) Só se permitirán as construcións ex novo para a actuacións relativas á oferta complementaria de servizos. De realizarse, estas deberán estar en consonancia coa edificación principal e os seus elementos estruturais, debendo ser facilmente reversibles como canchas de tenis, de baloncesto, saunas, piscinas e os seus servizos auxiliares como vestiarios, duchas etc. Queda expresamente excluído calquera outro elemento que xere discordancia co conxunto (como muros de contención de altura considerable).

e) Ademais das superficies comúns mínimas (salón, comedor, cociñas...) exixidas pola normativa específica, todas as casas contarán cunha zona de espaxamento a modo de salón social de superficie acorde co número de cuartos. A superficie destinada aos propietarios non superará os 30 m<sup>2</sup>.

#### Artigo 4º.-Obrigas dos solicitantes.

Os solicitantes da subvención para a creación de aldeas rurais ou aldeas termais adquiren os seguintes compromisos e obrigas:

1. Iniciar a súa actividade provistos da correspondente autorización de apertura outorgada pola Administración turística, incluídos todos os servizos determinados no proxecto presentado ao concurso de subvencións, no prazo máximo de 6 meses, contados a partir da data da xustificación final do investimento.

2. Manter a súa actividade durante un período mínimo de quince anos, contados desde a data de concesión de autorización de apertura expedida pola Administración turística. Así mesmo, e de conformidade co artigo 8.5º do Decreto 172/2001, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia e o punto 4.10º das directrices comunitarias sobre axudas de Estado de finalidade rexional, deberán manter os investimentos subvencionados durante un período mínimo de 5 anos.

3. Manter o establecemento aberto e en funcionamento durante un mínimo de 8 meses ao ano e obrigatoriamente os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e adscribirse á central de reservas de Turgalicia.

4. Para os establecementos clasificados na modalidade de aloxamento non compartido que teñan unha capacidade igual o superior a 34 prazas e que sexan beneficiarios de axudas convocadas ao abeiro desta orde debe existir o compromiso de poñer ao fronte do establecemento e de forma permanente, unha persoa con habilitación profesional académica adecuada (diploma ou gran diploma en xestión de empresas hostaleiras, técnico en empresas e actividades turísticas ou similar) á disposición dos clientes.

5. Crear os postos de traballo a que se compromete na declaración xurada reflectida no anexo III nun prazo de 5 anos contados desde a data de autorización de apertura pola Administración turística do establecemento que se cree ao abeiro desta orde e mantelos durante un período de 5 anos.

6. Ofertar os seus servizos mediante prezos semellantes aos que operan no mercado desta comunidade autónoma para os establecementos análogos, sen prexuízo do disposto na lexislación vixente sobre prezos.

7. A que en ningún caso o funcionamento do restaurante que se crea como complemento á actividade de turismo rural altere o fin último desta.

8. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Innovación e Industria e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

9. Comunicar á Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público nacional ou internacional.

10. A reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido da subvención concedida así como os correspondentes xuros de demora devengados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

\* Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

\* Por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

\* Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

\* Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non-adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

\* Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

11. A facilitar datos, de forma periódica ou previo requirimento da Administración turística galega, sobre a ocupación rexistrada no establecemento.

#### Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes de subvención e a documentación que a seguir se especifica presentaranse, por duplicado exemplar, na delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria, Servizo Provincial de Turismo correspondente á localización do investimento, ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*:

a) Solicitud segundo o anexo I.

b) Anexo II.

c) Anexo III.

d) Copia cotexada do documento público que acredite que o solicitante da subvención é propietario dos inmobles obxecto da rehabilitación. No caso de existir propiedade pro-indivisa, deberase achegar poder notarial dos copropietarios, outorgando representación ao solicitante que deberá ser un deles para actuar neste procedemento e asumir os compromisos derivados do establecido nesta orde.

No caso de non ser o propietario dos inmobles que se van restaurar para turismo rural, o solicitante da subvención achegará copia cotexada do documento que acredite a disposición dos inmobles que permita realizar o investimento obxecto da subvención, así como a explotación do establecemento durante un período non inferior a 25 anos, contados desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O dito título

de disposición terá que ser outorgado en escritura pública e estar inscrito nun rexistro público.

En calquera caso o solicitante da subvención terá o pleno uso e disfrute dos inmobles.

e) Copia cotexada do DNI e do NIF do solicitante ou do CIF cando corresponda.

f) Licenza urbanística, que posibilite a execución do investimento para o que se solicita a subvención. No caso de carecer dela no momento de realizar a solicitude de subvención, presentarase informe urbanístico emitido polo concello mediante certificación do secretario, onde especificamente se determine se a execución do proxecto para o que se solicita subvención é conforme coa legalidade urbanística vixente coa primeira solicitude de pagamento será obrigatoria a presentación da antedita licenza urbanística.

g) Proxecto básico visado por duplicado facendo constar o número de colexiado do técnico, e no que se comprenda, obrigatoriamente:

-Memoria explicativa do proxecto e xustificación das solucións adoptadas.

-Orzamento do investimento no que se incluírá, especificándose cada un deles, o importe da execución material, así como o custo da redacción do proxecto e da dirección de obra.

-Plano de localización do investimento.

-Planos do estado actual e do estado reformado.

-Indicación dos materiais e acabamentos propostos.

-Indicación dos mobles e equipamentos que se van instalar.

-Prazo previsto para a execución.

-Proxecto de decoración adaptado ás casas e actuacións no contorno.

-Anexo técnico.

-Fotografías dos inmobles, exteriores, interiores e do contorno.

Teñen a consideración de edificación e, polo tanto, requiren proxecto básico os seguintes:

I. Obras de edificación de nova construción, agás aquelas de escasa entidade e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nun só andar.

II. Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, considerándose tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial do sistema estrutural, así como as que teñan por obxecto cambiar os usos turísticos do edificio.

III. Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico artístico regulada a través de norma legal ou documento urbanístico, así como aquelas que afecten os elementos ou partes obxeto de protección.

IV. Considéranse comprendidas na edificación as súas instalacións fixas e o equipamento propio, así como os elementos de urbanización que estean adscritos ao edificio.

O dito proxecto deberá estar avaliado polo Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Dirección Xeral de Turismo.

De solicitarse subvención para a creación dunha Aldea termal, deberán presentarse ademais:

-Declaración da auga mineromedicinal e certificado de autorización de aproveitamento de augas outorgados pola Consellería de Innovación e Industria.

-Certificado de inscrición no Rexistro de Centros, Servizos ou Establecementos Sanitarios emitido pola Consellería de Sanidade.

De non dispor desta documentación no momento da presentación da solicitude deberá achegarse acreditación escrita de terse incoado expediente para acadar a correspondente autorización e certificados pertinentes.

h) Para os proxectos promovidos por persoas xurídicas, achegarase escritura cotexada de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil na que se indicará, con dilixencia do seu secretario, que os estatutos son os vixentes.

i) Certificados expedidos polos organismos competentes acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma así como nas obrigas coa Seguridade Social e de non ter ningunha débeda pendente por ningún concepto con ningunha Administración pública.

Non obstante, a presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia

j) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

k) Se é o caso, solicitude debidamente motivada para que, por circunstancias de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades do sector ou da empresa concreta, se solicite á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos que autorice de xeito excepcional a non exixencia de porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración de beneficiario da axuda.

2. Os interesados emendarán os defectos das solicitudes de subvención que o precisen, segundo o sinalado no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de non facelo teranse por desistidos na súa petición previa resolución ditada para o efecto.

3. As compulsas que procedan para toda a documentación que se especifica nesta orde faranse nos correspondentes servizos centrais ou provinciais da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 6º.-Selección das solicitudes e resolución.

1. As solicitudes serán estudadas por unha Comisión Técnica de Valoración constituída polo titular da Subdirección Xeral de Fomento e Cooperación, que a presidirá, actuando como vogais os xefes dos servizos de turismo de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, os xefes de servizo de fomento e promoción, de inspección, de investimentos e supervisión técnico-turística e de ordenación do turismo da Dirección Xeral de Turismo e o xefe da área de turismo rural de Turgalicia. Exercerá as funcións de secretario da comisión o antedito xefe de Servizo de Fomento e Promoción.

Para a valoración das solicitudes teranse en conta en orde decrecente, os seguintes criterios:

1. A localización do investimento atendendo á súa situación e para isto terase en conta: a localización en áreas rurais con tendencia á despoboación; áreas termais con afloramentos susceptibles de explotación turística; zonas costeiras cunha propia fisonomía tradicional mariñeira; o interese do espazo en relación a figuras de protección ambiental.

2. Análise do destino en relación á calidade dos accesos, ás infraestruturas básicas e á oferta de servizos de utilización turística.

3. O estado actual e as características das edificacións conforme a parámetros arquitectónicos que permitan a súa utilización turística.

4. As características da rehabilitación atendendo fundamentalmente á recuperación do patrimonio arquitectónico tradicional.

5. A declaración oficial como turístico do municipio así como estar localizado o investimento nun municipio incluído nun Plan de dinamización ou excelencia turística.

6. A oferta de servizos proxectada para o establecemento.

7. Número de postos de traballo que se van a crear e o seu grao de estabilidade.

As delegacións provinciais emitirán informe sobre a localización e o interese turístico do proxecto e o cumprimento do estipulado no Decreto 191/2004, de establecementos de turismo rural. Así mesmo, emitirá informe o xefe de Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico Turística sobre a calidade do inmovible, do seu estado e do proxecto.

2. Esta comisión, á vista dos expedientes e dos informes emitidos e dos que, se é o caso, considere necesarios, analizará e cualificará os proxectos e, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias formulará ao conselleiro de Innovación e Industria a través do director xeral de Turismo, as propostas de concesión ou denegación adoptados por esta. Das ditas propostas redactarase a correspondente acta.

3. O conselleiro de Innovación e Industria ditará as resolucións de concesión ou, se é o caso, de denegación de subvencións. Contra as ditas resolucións, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpor potestativamente recurso de reposición ante o titular desta consellería no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados ambos prazos desde o día seguinte ao da recepción da notificación das ditas resolucións.

A resolución de concesión determinará o importe da subvención concedida, con cargo ás disposicións orzamentarias para os anos 2006, 2007 e 2008.

Se por calquera motivo, e durante o exercicio económico, houberse máis crédito orzamentario para a concesión de subvencións obxecto desta orde vistos os acordos da comisión técnica e a proposta formulada polo director xeral de Turismo, poderanse conceder subvencións aos expedientes que non a recibisen ou ben, de ser posible, poderanse incrementar os importes das xa concedidas ao abeiro desta orde, sempre que non acadasen a porcentaxe máxima do 30%.

4. No caso de concesión de subvención tras a resolución dun recurso administrativo as datas para a presentación da documentación á que fai referencia o artigo 7.1º desta orde así como os prazos establecidos no artigo 9.1º terase que determinar no acto que resolva o dito recurso. As ditas datas e prazos no poderán ser, en ningún caso, posteriores ao 30 de xuño de 2008.

5. Entenderanse desestimadas as solicitudes sobre as que non recaese resolución expresa no prazo de seis meses contados desde a data de publicación da orde.

Artigo 7º.-Requisitos das subvencións.

No prazo de corenta días naturais contados desde o día seguinte á notificación de concesión da subvención, os beneficiarios remitirán á Dirección Xeral de Turismo, a seguinte documentación, por duplicado exemplar:

a) Proxecto visado definitivo básico e de execución da acción subvencionada, no que se incluírá programa de obras que determinará a previsión anual de execución do investimento, conforme a resolución de concesión e copia compulsada do nomeamento de dirección de obra.

O dito proxecto e programa teñen que ser conformes co determinado na resolución de concesión da subvención e para os efectos da súa validez para incorporar ao expediente deberá ser avaliado polo xefe do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Dirección Xeral de Turismo.

b) Certificación da entidade bancaria acreditativa do número de conta e do CIF/NIF do beneficiario.

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederase un prazo de dez días para cumprilos segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Transcorrido o sinalado prazo de corenta días naturais ou de requirimento, de ser o caso, procederá a declarar os interesados que non cumbran o sinalado neste artigo decaídos no seu dereito ao trámite correspondente previa resolución ditada para o efecto e anulará a subvención concedida.

#### Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios da subvención deberán comenza a execución do proxecto durante o ano 2006 debendo estar rematado con tempo dabondo para xustificar o investimento subvencionado dentro dos prazos establecidos nesta orde, aínda que tamén poden ser subvencionados os proxectos iniciados con anterioridade o ano 2006 sempre e cando os solicitantes acheguen certificación valorada, asinada por técnico facultativo, das obras realizadas, as cales non computarán para os efectos de investimento subvencionable.

2. Os proxectos que se subvencionen terán que publicitar a colaboración da Consellería de Innovación Industria, Dirección Xeral de Turismo, tanto durante a realización das obras como posteriormente, mediante un cartel que se exhibirá en sitio ben visible. As características do dito cartel, así como a súa localización e contido serán indicados polos correspondentes servizos provinciais de Turismo da Consellería de Innovación e Industria. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do beneficiario da subvención. Así mesmo, deberán publicitar o financiamento co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) mediante un cartel que mostre a bandeira europea (fondo azul e estrelas amarelas) e as siglas Feder.

3. Os proxectos que se subvencionen terán que cumprir o disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e as normas regulamentarias de desenvolvemento.

#### Artigo 9º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Os beneficiarios de subvencións concedidas terán como data límite, para a presentación de xustificación do investimento executado, que se deberá realizar de conformidade o programa de obras, as seguintes:

Fase de 2006: 1 de novembro de 2006.

Fase de 2007: 1 de outubro de 2007.

Fase de 2008: 30 de xuño de 2008.

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederá un prazo de dez días para cumprilos segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procedendo a declarar decaídos no seu dereito os interesados que non cumbran o disposto neste artigo previa resolución ditada para o efecto.

De non xustificarse total ou parcialmente o investimento executado correspondente á primeira anualidade, quedarán anuladas toda a subvención.

De non xustificarse total ou parcialmente o investimento executado nos prazos indicados, anulará a subvención correspondente á dita anualidade salvo que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, neste caso quedaría anulada na súa totalidade.

De ter xustificado a totalidade do investimento subvencionado antes da derradeira anualidade, deberá, non obstante, solicitarse o pagamento da subvención coa correspondente documentación exixida na orde nas datas indicadas.

2. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas. Estas modificacións deben ser solicitadas, supervisadas tecnicamente e aprobadas previa a súa execución. Se o investimento xustificado fose menor, e sempre mantendo os fins para os que se concedeu a subvención, esta reduciráse proporcionalmente ao investimento non xustificado.

3. Para percibir a subvención os beneficiarios remitirán á Dirección Xeral de Turismo, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

3.1. Solicitude de cobramento segundo o modelo do anexo IV.

3.2. Facturas e certificación por conceptos Modelo oficial, que se compón de portada, certificación en orixe, por partidas e capítulos segundo medicións e prezos recollidos no proxecto de execución e resumo xeral elaborado polo técnico director de obra, relativa á obra executada coa súa valoración e, no caso de obra rematada, tamén se achegará certificado de fin de obra.

3.3. Xustificantes do pagamento, mediante transferencia bancaria, das facturas presentadas. O importe reflectido na certificación de obra debe coincidir co xustificado coas ditas facturas.

3.4. Certificados expedidos polos organismos competentes acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma así como nas obrigas coa Seguridade Social e de non ter ningunha débeda pendente por ningún concepto con ningunha Administración pública.

Non obstante, a presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

3.5. Certificado explícito da dirección de obra de que as obras se están executando segundo o proxecto aprobado e que non exista ningunha modificación que non se aprobese previamente.

3.6. Licenza urbanística que posibilitase a execución do investimento subvencionado. O dito documento é preceptivo, non se procederá ao pagamento de ningunha anualidade mentres non se teña presentase.

3.7. Acta de manifestacións, en escritura pública, onde se recollan os compromisos e obrigas aos que se fan referencia no artigo 4º e no anexo III desta orde. Este

documento será obrigatorio presentalo coa primeira solicitude de pagamento.

3.8. Antes do derradeiro aboamento os beneficiarios deberán achegar, xunto co resto da documentación, declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3.9. Cando se solicite o pagamento da anualidade de 2006 ou de 2007 ou 2008, ademais da presentación da documentación indicada no punto 3 deste artigo, tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións ás que fai referencia o artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Deberá solicitalo o interesado.

b) Deberá xustificarse non só o investimento senón os pagamentos efectuados na mesma proporción que represente o pagamento parcial respecto á subvención concedida ata ese momento con cargo ao proceso de investimento aprobado.

c) O importe que se poida satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario nin tampouco superar o 80% do total da subvención concedida.

d) Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

3.10. En calquera caso os pagamentos parciais teranse que garantir conforme o determinado no artigo 17 do anteriormente sinalado Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

A garantía ou aval deberá cubrir o importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude do pagamento e como mínimo aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto na norma reguladora ou convocatoria.

Unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

Poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto desta orde, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-No caso de empresas xa constituídas, a condición de beneficiario de subvención, sen prexuízo dos demais requisitos que nela se establecen, só poderá adquirirse cando polo menos o 35% do cadro de persoal que dependa do titular do establecemento solicitante da axuda teña contratos por tempo indefinido.

No caso de empresas de nova creación, poderá adquirirse a condición de beneficiario de subvención cando exista o compromiso de acadar como mínimo o 35% de estabilidade laboral ao remate do prazo de 5 anos.

A porcentaxe de estabilidade mínima laboral, no caso de empresas con menos de 10 traballadores e para os efectos de adquirir a condición de beneficiario de subvención, será dun 33%.

Non será preciso dar cumprimento os anteditos requisitos de estabilidade laboral no caso de que a subvención concedida sexa inferior a 60.101 €.

Segunda.-As modalidades de contratos aceptados nesta orde, para os efectos de creación de emprego, son:

\* Autoemprego.

\* Indefinidos.

\* Fixos-descontinuos.

Deberá sinalarse se a xornada que se vai desempeñar é a tempo completo ou se se trata de xornada partida.

Todo isto con independencia de se a cotización á Seguridade Social se fai a través do réxime xeral ou especial de traballadores por conta allea ou polo de traballadores autónomos.

Se é o caso, e para o cálculo da equivalencia ao ano, procederase a dividir a suma de horas traballadas, pola xornada anual de actividade, determinando este resultado o número de postos creados.

O cumprimento das condicións relativas á creación de emprego acreditarase mediante o oportuno certificado do organismo laboral competente.

Terceira.-De xeito excepcional, coa solicitude de subvención poderá acompañarse coa debida motivación, en casos de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades dun sector ou dunha empresa concreta, solicitude á Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos de non existencia da porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración de beneficiario da axuda.

Cuarta.-Para os efectos desta orde entenderase como creación de emprego a reconversión de postos de traballo temporais en postos de traballo fixos.

#### *Disposición derradeira*

En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto, para esta materia no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e as súas disposicións de desenvolvemento, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN**  
**E INDUSTRIA**

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS NO MEDIO RURAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN982E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF / CIF	
ENDEREZO			MUNICIPIO		CÓDIGO POSTAL
ACTUANDO NO SEU NOME E REPRESENTACIÓN <sup>1</sup>				NIF	
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS (INDÍQUESE ENDEREZO COMPLETO CON C. POSTAL E MUNICIPIO)			TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO E/OU FAX
PERSOA DE CONTACTO EN CASO DE AUSENCIA DO SOLICITANTE			TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO E/OU FAX

**LOCALIZACIÓN DO INVESTIMENTO**

LUGAR / PARROQUIA	MUNICIPIO	PROVINCIA
-------------------	-----------	-----------

**EXPÓN:**

Que, na súa calidade de propietario dos inmobles (ou ben que ten a libre disposición dos inmobles) dos que se describen as súas características básicas neste anexo I así como no anexo II e coa finalidade de dedicalos a turismo rural, vista a convocatoria de subvencións publicada no DOG nº \_\_\_\_, do \_\_\_\_\_ de 200\_\_, considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa memoria e demais documentación que se xunta e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria,

**SOLICITA:**

Unha axuda para completar o financiamento do proxecto de creación dun establecemento de turismo rural segundo o proxecto que se achega.

<sup>1</sup> Neste caso débese actuar no procedemento consonte o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e PAC.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 16 de maio de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións para o fomento de infraestruturas turísticas no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE  _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		/ /
		DATA DE ENTRADA
		/ /
		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /
REVISADO E CONFORME		

Director xeral de Turismo  
 Consellería de Innovación e Industria



## ANEXO II

## DESCRIPCIÓN DO INVESTIMENTO SEGUNDO O PROXECTO PRESENTADO

NÚMERO DE INMOBLES _____																																					
MODALIDADE PROXECTADA PARA O ESTABLECIMENTO <input type="checkbox"/> ALOXAMENTO COMPARTIDO <input type="checkbox"/> ALOXAMENTO NON COMPARTIDO																																					
OFERTA DE SERVIZOS Número cuartos _____      Número prazas _____      Comedor _____      Restaurante _____																																					
OUTROS SERVIZOS QUE SE COMPROMETEN A OFERTAR TRAS A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO <sup>1</sup> _____ _____ _____																																					
CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DAS PERSOAS QUE VAN TRABALLAR NO ESTABLECIMENTO _____																																					
DEPENDENCIAS RESERVADAS AO USO PRIVADO NO CASO DE PROXECTARSE UN ESTABLECIMENTO NA MODALIDADE ALOXAMENTO COMPARTIDO De cuartos _____ <sup>2</sup> Número de prazas _____      Nº de membros da unidade familiar _____ <sup>3</sup> Outras estancias ou instalacións _____																																					
<p style="text-align: center;"><b>CUSTO DO INVESTIMENTO</b></p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td>Execución material</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Urbanización</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Redacción de proxecto</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Dirección de obra</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Importe neto</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Impostos/taxas</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td><b>TOTAL</b></td><td>_____</td><td>€</td></tr> </table>	Execución material	_____	€	Urbanización	_____	€	Redacción de proxecto	_____	€	Dirección de obra	_____	€	Importe neto	_____	€	Impostos/taxas	_____	€	<b>TOTAL</b>	_____	€	<p style="text-align: center;"><b>FINANCIAMENTO DO PROXECTO</b></p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr><td>Recursos propios</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Préstamos</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Préstamos Pemes</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td>Outras subvencións</td><td>_____</td><td>€</td></tr> <tr><td><b>TOTAL</b></td><td>_____</td><td>€</td></tr> </table>	Recursos propios	_____	€	Préstamos	_____	€	Préstamos Pemes	_____	€	Outras subvencións	_____	€	<b>TOTAL</b>	_____	€
Execución material	_____	€																																			
Urbanización	_____	€																																			
Redacción de proxecto	_____	€																																			
Dirección de obra	_____	€																																			
Importe neto	_____	€																																			
Impostos/taxas	_____	€																																			
<b>TOTAL</b>	_____	€																																			
Recursos propios	_____	€																																			
Préstamos	_____	€																																			
Préstamos Pemes	_____	€																																			
Outras subvencións	_____	€																																			
<b>TOTAL</b>	_____	€																																			

_____, ____ de _____ de 200____ O solicitante,	_____ O arquitecto <sup>4</sup>
Don/Dona: _____	Don/Dona: _____
	Nº colexiado/a: _____

<sup>1</sup> Exemplo: cabalos, actividades culturais, rutas de natureza, etc.

<sup>2</sup> O número de cuartos que se sinala neste punto e mais os sinalados no punto de oferta de servizos deben ser o total de cuartos que se proxecten.

<sup>3</sup> No caso de ser o solicitante unha persoa xurídica, indíquese o número de persoas que van vivir no establecemento.

<sup>4</sup> Esta sinatura soamente vincula no punto do custo do proxecto.

*ANEXO III*

**DECLARACIÓN XURADA**

**A) EMPRESAS EXISTENTES:**

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA		REPRESENTANTE LEGAL
<b>Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA</b>		
TOTAL (EN NÚMERO E EN LETRA)		PORCENTAXE DE EMPREGADOS ESTABLES CON RESPECTO AO TOTAL  _____ %
CON CONTRATO ESTABLE (EN NÚMERO E EN LETRA)		

Como representante legal da empresa **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- 1.- Que os datos anteditos son certos.
- 2.- Que me comprometo a crear, co investimento para o que se solicita a subvención, \_\_\_\_\_ (en letra) postos de traballo indefinidos e que a creación destes se realizará nun prazo de 5 anos contados desde a data de autorización de apertura concedida pola Administración turística.
- 3.- Que me comprometo a acadar e manter a porcentaxe mínima de estabilidade laboral, nun prazo de 5 anos nos termos establecidos nesta orde de subvencións, respecto das novas contratacións que deriven do proxecto de investimento para o que se solicita subvención.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200\_\_  
O REPRESENTANTE LEGAL

ASDO.: \_\_\_\_\_ (NOME E APELIDOS)

**B) EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN:**

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA QUE SE VAI CONSTITUÍR		REPRESENTANTE LEGAL
<b>NÚMERO DE TRABALLADORES PREVISTOS NA EMPRESA</b>		
TOTAL (EN NÚMERO E EN LETRA)		PORCENTAXE DE EMPREGOS ESTABLES CON RESPECTO AO TOTAL  _____ %
CON CONTRATO ESTABLE (EN NÚMERO E EN LETRA)		

Como representante legal da empresa **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- 1.- Que me comprometo a crear, co investimento para o que se solicita a subvención, \_\_\_\_\_ (en letra) postos de traballo indefinidos e que a creación destes se realizará nun prazo de 5 anos contados desde a data de autorización de apertura pola Administración turística.
- 2.- Que me comprometo a acadar a porcentaxe mínima de estabilidade laboral, segundo os criterios desta orde de convocatoria, nun prazo de 5 anos contados desde a data de autorización da apertura concedida pola Administración turística.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200\_\_  
O REPRESENTANTE LEGAL

ASDO.: \_\_\_\_\_ (NOME E APELIDOS)

## ANEXO IV

## SOLICITUDE DE COBRAMENTO DE SUBVENCIÓN

BENEFICIARIO		NIF / CIF	EXPEDIENTE Nº
INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE APROBADO		SUBVENCIÓN CONCEDIDA	INVESTIMENTO XUSTIFICADO
ANO 2006	_____ €	ANO 2006	_____ €
ANO 2007	_____ €	ANO 2007	_____ €
ANO 2008	_____ €	ANO 2008	_____ €
<b>TOTAL</b>	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €

Don/Dona \_\_\_\_\_ no nome e representación de \_\_\_\_\_, titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Innovación e Industria de \_\_\_\_\_ de 200\_\_.

**EXPÓN:**

Que no período comprendido entre o \_\_\_\_\_ e o \_\_\_\_\_, executouse o investimento relativo a \_\_\_\_\_, na súa fase \_\_\_\_\_, que comprende os conceptos e importes aprobados como subvencionables, para o investimento de referencia, por resolución do conselleiro de Innovación e Industria de \_\_\_\_\_ de 200\_\_ por un importe de \_\_\_\_\_ euros.

Que para a tramitación da proposta de pagamento da fase \_\_\_\_\_ da subvención concedida, conforme o sinalado no artigo 9 da dita orde, achégase, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

- FACTURAS E CERTIFICACIÓN DE OBRAS POR CONCEPTOS, ASINADAS POLO TÉCNICO DIRECTOR DE OBRA E, SE FOSE O CASO, CERTIFICACIÓN DE FIN DE OBRA.
- CERTIFICADO DE ESTAR AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COAS FACENDAS DO ESTADO E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL.
- CERTIFICADO EXPLÍCITO DA DIRECCIÓN DE OBRA DE QUE AS OBRAS SE ESTÁN EXECUTANDO SEGUNDO O PROXECTO APROBADO E QUE NON HAI NINGUNHA MODIFICACIÓN QUE NON FOSE APROBADA PREVIAMENTE.
- LICENZA URBANÍSTICA QUE POSIBILITASE A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO SUBVENCIONADO.
- ACTA DE MANIFESTACIÓNS, EN ESCRITURA PÚBLICA, ONDE SE RECOLLAN OS COMPROMISOS E OBRIGAS AOS QUE SE FAN REFERENCIA NO ARTIGO 4º E NO ANEXO III DESTA ORDE. ESTE DOCUMENTO SERÁ OBRIGATORIO PRESENTALO COA PRIMEIRA SOLICITUDE DE PAGAMENTO.
- ANTES DO ÚLTIMO ABOAMENTO, DECLARACIÓN DE CONXUNTO DAS AXUDAS SOLICITADAS, TANTO APROBADAS OU CONCEDIDAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN, PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DESTA ORDE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES.
- GARANTÍA OU AVAL E XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO SEGUNDO O ESTABLECIDO NO DECRETO 287/2000, DO 21 DE DECEMBRO, POLO QUE SE DESENVOLVE O RÉXIME DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

**SOLICITA:**

Que se lle liquide a \_\_\_\_\_ titular do expediente de referencia a subvención concedida polo importe de \_\_\_\_\_ € e que se corresponden á execución da \_\_\_\_\_ fase do investimento aprobado e que representa o \_\_\_\_\_ % do investimento subvencionable que se xustifica.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200\_\_  
O titular da subvención

Don/Dona: \_\_\_\_\_

**ANEXO TÉCNICO**

**1.- DATOS DO SOLICITANTE**

APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NOME	NIF / CIF	
ENDEREZO				
MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	

**2.- DATOS DO INVESTIMENTO**

DENOMINACIÓN				
ENDEREZO				
MUNICIPIO			PROVINCIA	
Nº DE CASAS	ANTIGÜIDADE <input type="checkbox"/> ANTERIOR A 1900 <input type="checkbox"/> ANTERIOR A 1940 <input type="checkbox"/> POSTERIOR A 1940		CLASIFICACIÓN <input type="checkbox"/> COMPARTIDO <input type="checkbox"/> NON COMPARTIDO	
Nº DE CUARTOS DOBRES	Nº DE CUARTOS INDIVIDUAIS	Nº DE CUARTOS ESPECIAIS	Nº APARTAMENTOS	PRAZAS TOTAIS

**3.- DATOS DO ARQUITECTO**

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
----------	------	----------

**4.- DATOS DO ARQUITECTO TÉCNICO**

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
----------	------	----------

**5.- DATOS ARQUITECTÓNICOS E CONSTRUCTIVOS DO PROXECTO**

<b>5.1.- MATERIAIS E TIPOLOXÍAS EMPREGADAS. (BREVE DESCRICIÓN)</b>		
ESTRUTURA		
PECHAMENTO / ACABAMENTO EXTERIOR		
CUBERTA		
CARPINTARÍA EXTERIOR		
SOLLADOS		
<b>5.2.- SUPERFICIES</b>		
SUP. CONSTRUÍDA	SUP. DORMITORIOS (E OS SEUS BAÑOS)	SUP. COMEDOR/PRAZAS (SE EXISTE)
SUP. ÚTIL	SUP. ZONAS COMÚNS (SEN ESPAZOS DE CIRCULACIÓN)	SUP. DO DORMITORIO DOBRE MÍNIMO NO PROXECTO
SUP. DE PARCELA	SUP. SALÓN SOCIAL	SUP. DO DORMITORIO INDIVIDUAL MÍNIMO NO PROXECTO

**6.- DATOS ECONÓMICOS**

EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN SEGUNDO O PROXECTO	EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIÓN	URBANIZACIÓN
REDACCIÓN DO PROXECTO	DIRECCIÓN DAS OBRAS	REPERCUSIÓN DE ORZAMENTO POR M <sup>2</sup> CONTRUÍDO

<p>_____ , ____ de _____ de _____</p>
---------------------------------------